



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 19 DE DECEMBRO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día dezanove de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asiste e presenta escusa dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1º. Boletíns e correspondencia

- Tesourería e Xestión de Tributos da excma. Deputación provincial da Coruña. Publicación íntegra das bases para prestar os servizos tributarios aos concellos da provincia. (Boletín Oficial da Provincia número 236, do 15 de decembro de 2016)

- Anuncio do Concello de Cambre, de expediente de expropiación forzosa por taxación conxunta para a adquisición de solo que permita a execución da rúa do Balado, Cambre, no seu acceso á estrada de Cambre ao Temple. (Diario Oficial de Galicia número 239, do 16 de decembro de 2016).

- Resolución do 13 de decembro de 2016, de Augas de Galicia, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto documentalmente simplificado con varios criterios de adxudicación, trámite ordinario e anticipado de gasto, para a contratación non suxeita a regulación harmonizada da execución da obra pública hidráulica de optimización do funcionamento dos bombeos do Temple e A Pasaxe mediante a construción dun sifón na ría do Burgo, cofinanciada nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (clave OH.315.1081). (Diario Oficial de Galicia número 239, do 16 de decembro de 2016).



- Acordo do Pleno da corporación en sesión extraordinaria do día 12 de decembro de 2016, respecto da aprobación inicial do orzamento de 2017 e cadro de persoal. (Boletín Oficial da Provincia número 235, do día 14 de decembro de 2016).

## 2º. Expedientes de contratación

**Único: Remate do Incidente de resolución de discrepancia interpretativa, entre o Concello de Cambre e a entidade "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), adxudicataria do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre, e desestimación recurso reposición**

Vista a proposta de Alcaldía de data 16 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Concello de Cambre está a tramitar un expediente de resolución de discrepancia interpretativa, incoado pola Xunta de Goberno Local de Cambre con data do 06/06/16, xurdido coa entidade “ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais” (IDOM-ARNAIZ UTE), adxudicataria do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre.

No antedito expediente constan os fitos que se describen pormenorizadamente nos informes xurídicos conxuntos de Secretaría-Intervención de datas 3 de xuño de 2016 , 17 de xuño de 2016, 27 de xullo de 2016, 14 de outubro de 2016 e 4 de novembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre , con data do 7 de novembro actual, acordou, entre outros pronunciamentos, continuar co incidente de discrepancia interpretativa con proposta do órgano de contratación e remisión do expediente con solicitude de ditame ao Consello Consultivo de Galicia, e declarar suspendido o transcurso do prazo legal para resolver o procedemento e notificar o acordo que se adopte , desde a data na que a petición de ditame teña entrada no Consello Consultivo de Galicia, ata a recepción do informe, sen que este prazo de suspensión poida exceder, en ningún caso, de tres meses, isto baseándose no establecido no artigo 42.5.c) da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e na Disposición Transitoria Terceira , apartado a), da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, debendo notificar á entidade “IDOM-ARNAIZ UTE” da recepción do informe emitido polo Consello Consultivo.

Con data do 7 de novembro de 2016 ten entrada no Consello Consultivo de Galicia a solicitude de Ditame formulada polo Concello de Cambre, así como o expediente administrativo remitido.

O día 9 de novembro rexístrase de saída no Concello de Cambre a comunicación formulada á UTE IDOM-ARNAIZ da petición de ditame ao Consello Consultivo de Galicia.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

O día 5 de decembro de 2016, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre, ao nº 0/10388 o ditame adoptado con data do 30 de novembro actual polo Consello Consultivo de Galicia, no expediente referente á "Interpretación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre adxudicado á entidade Idom-Arnaiz Ute", número CCG 248/16.

A conclusión do ditame é "Que, se ben coa observación á que se refire a precedente consideración sexta, informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire."

(A consideración sexta fai referencia a que ".. a consideración da extensión temporal na que o contrato se vén executando, e as súas eventuais consecuencias na orde ao seu xeito de extinción, deberán ser consideradas polo órgano de contratación, pois para o suposto de que se teña por transcorrido o seu prazo máximo de duración, en ningún caso procederá considerar a concorrencia de eventuais causas de resolución do contrato, senón declarar a súa extinción polo decurso do referido prazo máximo, coa conseguinte liquidación daquel.")

Consta no expediente a proposta de acordos a adoptar, emitida pola técnica de xestión de Administración xeral, conformada pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 15 de decembro actual.

Tendo en conta que , de conformidade co establecido no artigo 21.1.k) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e consonte á Resolución da Alcaldía núm. 447/2016 do 18/03/16, de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local, corresponde á Alcaldía a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das súas facultades, mesmo as delegadas noutro órgano.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente , de data 15 de decembro actual.

Por todo o exposto, tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, e de acordo co Consello Consultivo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- **Primeiro** : *De acordo co Consello Consultivo, resolver a discrepancia interpretativa xurdida entre o Concello de Cambre e a entidade "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Ley 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), adxudicataria do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre (exp. nº 2010/4-3 SERV.) , no sentido de entender que a adaptación do documento presentado ás modificacións legais que require a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, non constitúe por si unha modificación do contrato, nin precisa dun expediente modificadorio, xa que tal adaptación está incluída dentro dos traballos a realizar, sen implicar modificación do prezo do contrato, e, polo tanto, debe ser efectuado pola entidade adxudicataria sen implicar custo ningún para o concello.*



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- **Segundo** : Tendo en conta que, de conformidade co establecido no artigo 21.1.k) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e consonte á Resolución da Alcaldía núm. 447/2016 do 18/03/16, de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local, corresponde á Alcaldía a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das súas facultades, mesmo as delegadas noutro órgano, pola Alcaldía procederase a dictar resolución desestimatoria do recurso de reposición interposto por IDOM-ARNAIZ UTE contra a Resolución da Alcaldía nº 307/2016, de data 25 de febreiro actual, nos mesmos termos que constan no apartado quinto, punto segundo, do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria de data 7 de novembro de 2016.

- **Terceiro**: Notificar aos interesados, con indicación dos recursos que procedan”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 7 ao 14 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 1948/2016 e remata coa resolución da alcaldía número 1988/2016, segundo se relaciona a seguir:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
1948/2016	07/12/2016	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de decembro de 2016
1949/2016	07/12/2016	Concesión axuda parte recibo aluguer a J.L.T.O. por importe de 250 euros
1950/2016	07/12/2016	Concesión axuda lentes correctoras a M.C.D.V. por importe de 69 euros
1951/2016	07/12/2016	Renuncia axuda alimentos a M.T.R.M.
1952/2016	07/12/2016	Denegación axuda aluguer a S.S.M.
1953/2016	07/12/2016	Resolución que aproba a lista provisional de admitidos/excluídos para a selección de un informador/a xuvenil interino.
1954/2016	07/12/2016	Resolución que aproba a lista provisional de admitidos/excluídos para a selección de un animador/a cultural interino.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1955/2016	07/12/2016	Concesión licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, mastín napolitano 941000018365330, a dona R.L.L.
1956/2016	07/12/2016	Concesión licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos a don V.F.F.
1957/2016	07/12/2016	Concesión autorización apertura da urna sinalada coa letra 220 A, no panteón perimetral nº 7, no cemiterio municipal de Cambre para inhumar as cinzas de M.J.B.C.
1958/2016	07/12/2016	Aprobación listaxe admitidos actividades xuvenís setembro 2016
1959/2016	09/12/2016	Denegación axuda alimentos e recibo de auga a M.I.P.S.
1960/2016	09/12/2016	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal de data 12 de decembro de 2016, ás 19:00 horas
1961/2016	12/12/2016	Expediente de transferencia de crédito núm. 21/2016. Equipos informáticos
1962/2016	12/12/2016	Expediente de transferencia de crédito núm. 22/2016. Amortización de capital
1963/2016	12/12/2016	Concesión autorización transmisión urna sinalada coa letra "C", no panteón perimetral nº 119, no cemiterio de Cambre, a prol de dona M.J.M.R.
1964/2016	12/12/2016	Aprobación liquidacións actividades xuvenís mes setembro
1965/2016	12/12/2016	Posta en funcionamento de antena de telefonía móbil sita na Castellana, Cambre. Propiedade: Orange España, SAU
1966/2016	13/12/2016	Concurso "Carteis de Reis Magos 2017"
1967/2016	13/12/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000122 por estado das edificacións existentes en Bribes
1968/2016	13/12/2016	Expediente de xeración de crédito número 16/2016. Subvención accesibilidade Casa da Arrigada.
1969/2016	13/12/2016	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención (CONTECO, SL e máis) por importe total de 84.494,12 euros
1970/2016	13/12/2016	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención (EM, S.A. e máis) por un importe total de 17.190,02 euros
1971/2016	13/12/2016	Aprobación de admitidos nos cursos de informática para mocidade e adultos, outubro-décembro, 2016
1972/2016	13/12/2016	Aprobación de admitidos nos cursos de informática para

		maiores de 55 anos, outubro 2016 - xaneiro 2017
1973/2016	13/12/2016	Ausencia da concelleira dona M <sup>a</sup> Jesús Gómez González dende o 9 de decembro ata o 31 de decembro de 2016
1974/2016	13/12/2016	Campaña de dinamización comercial do Nadal 2016/2017
1975/2016	13/12/2016	Aprobación Conv 2016 As Mariñas
1976/2016	13/12/2016	Aprobacion Conv 2016 Sementeira
1977/2016	13/12/2016	Aprobacion convenio promoción do judo 2016
1978/2016	13/12/2016	Aprobación convenio promoción del fútbol 2016
1979/2016	13/12/2016	Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o club Beisbol Cambre para a promoción do béisbol 2016
1980/2016	13/12/2016	Aprobación convenio promoción do baloncesto 2016
1981/2016	13/12/2016	Aprobacion convenio promoción do hockey 2016
1982/2016	14/12/2016	Programa "Xogando no Nadal 2016"
1983/2016	14/12/2016	Relación de admitidos no Programa Mañanceiro curso escolar 2016-2017, solicitudes presentadas fóra de prazo ata o 9 de setembro de 2016.
1984/2016	14/12/2016	Concesión axuda material escolar a J.A.N.V. por importe de 68 euros
1985/2016	14/12/2016	Solicitud de celebración voda civil de R.A.S. e A.Z.B o 17 de decembro de 2016 ás 13 horas
1986/2016	14/12/2016	Solicitud de fraccionamento de débeda de J.G.B.
1987/2016	14/12/2016	Corrección de erros decreto 1890/2016 aprobación convenio baloncesto
1988/2016	14/12/2016	Expediente de transferencia de crédito núm. 23/2016. Programa Cambre Emprende 2016

#### 4º. Informes doutros asuntos de área

##### Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Recibiu ao profesor José Viñas do IES David Buján e a representantes de Emalcsa, para presentar un traballo que está a desenvolver o instituto en relación coa calidade da auga.
- Asinou os convenios de colaboración coas entidades, Asociación de Clubs de Fútbol, Hockey Club Cambre, Club Baloncesto Cambre, Club de Béisbol Cambre, Escola Sementeira e Escola de Música e Baile As Mariñas.



### **Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, e Medio Ambiente**

Don Juan A. González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:

- Día 14, mércores, asistencia á reunión de Deputación co asunto POS + 2017, onde se lle explicou as alteracións que se producen.
- Día 15, xoves, asistiu á reunión en Deputación a unha charla informativa sobre: Significado e evolución do "Pacto de alcaldes polo clima e a Enerxía".
- Día 16, EDAR de Bens, onde se tratou a proposta e aprobación, se procede, da previsión de ingresos e gastos e Plan de actuación, investimento e financiamento.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- Día 13 de decembro Demarcación de Costas en Galicia presenta un escrito para a liquidación do canon de ocupación polo proxecto de "Instalación de postos de venda ambulante no paseo marítimo do Temple" polo importe de 2.054,50 euros. A vista disto solicitamos a suspensión da vixencia da autorización, outorgada por Resolución do Xefe da Demarcación de Costas así como a anulación do canon, ata que sexan adxudicados os postos e se inicie a feira mensual da parroquia do Temple.
- Día 14 de decembro, informou do asunto para o Pleno do día 28/12/16 aprobación das bases reguladoras da convocatoria do Programa "Axudas Municipais á Creación de Empresas. Programa Cambre Emprende 2016".
- Debido ás poucas solicitudes recibidas para a realización do mercado do Nadal en Cambre fíxose unha redución de días, 22 e 23 mañá e tarde e 24 pola mañá.
- Día 15 de decembro, presentación, dende un establecemento da parroquia do Temple, aos medios, rolda de prensa da campaña do Nadal.
- Entrega da primeira cesta especial a dona Encarna Iglesias, veciña de Cambre no establecemento Burbujitas do Temple.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- O xoves, día 15 de decembro:
- Presentación na sala de xuntas de Turismo do "Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021".
- Retirada da sinalización antiga e nova sinalización do Camiño Inglés. Nova sinalética do Camiño Inglés.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- Para o tramo ao seu paso por Cambre investiránse 5.190,88 euros.
- O venres, día 16 de decembro:
- “Merendola de respecto” na casa da Xuventude, dentro do programa “Por fin é venres”.
- O sábado, día 17 de decembro:

Dentro do programa “Trans-Fórmate” actividade primeiros auxilios, na base de Protección Civil.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade**

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta dos seguintes asuntos:

- Acudiu a un mesa de transportes o día 16 en Culleredo.
- Organización exposición Manuel María para o día 27 na casa da cultura-Vila Concepción.
- Dentro do servizo de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández dá conta dos seguintes asuntos:
- Visita obras campo Os Pinares o xoves, día 15.
- Entrega de trofeos no campionato de patinaxe organizado por CP Alquimia o día 18.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos expedientes de:

- A) contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada), para adxudicar o servizo de desratización, desinfección e desinsectación no termo municipal de Cambre. Exp: 2016/C004/000009
- B) devolución da garantía definitiva, por importe de 3.296,24 euros, a entidade “Montajes Eléctricos Vizcaíno, S.L. (MOELVI)”, depositada mediante aval bancario, para garantir a execución da subministración “Aforro e mellora da eficiencia enerxética mediante a implantación de reductores estabilizadores de tensión, interruptores astronómicos e luminarias anticontaminantes lumínicas nas iluminacions exteriores do Concello de Cambre.” Expediente: 13/12-03 SUM
- C) aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada “Renovación do firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e Outras, Cambre 2012” comprendida no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013.

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asistiron á Xunta de Goberno Local.

- **A) contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada), para adxudicar o servizo de desratización, desinfección e desinsectación no termo municipal de Cambre. Exp: 2016/C004/000009**





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Vista a proposta de Alcaldía de data 16 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, en cumprimento das competencias que ten atribuídas o Concello , de conformidade co establecido no artigo 25.2 .j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (o Concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “protección da salubridade pública”), elaborou o informe-proposta e mailas prescricións técnicas que rexerán para a contratación do servizo de desratización, desinfección e desinsectación no termo municipal de Cambre, por un presuposto de execución por contrata anual de 22.300,00 euros e un total contractual para toda a vixencia do contrato de 89.200,00 euros, IVE incluído .

Existe consignación orzamentaria na aplicación 311/22799, por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido pola Intervención Municipal con data do 22 de novembro de 2016, e tendo en conta que, por se tratar dun gasto plurianual, a aprobación e disposición do gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e dabondo nos orzamentos dos exercicios correspondentes.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 15 de decembro actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Servizos , de data 16 de decembro de 2016.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada), para adxudicar o servizo de desratización, desinfección e desinsectación no termo municipal de Cambre, cun valor estimado e un orzamento total de execución por contrata de 89.200,00 euros, IVE incluído, (correspondentes a 22.300,00 euros anuais IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos artigos 157 ao 161 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo (exp. 2016/C004/000009).

**Segundo:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 311/22799, comprometéndose o concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

**Terceiro:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, e mailo de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.



**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 89.2 do TRLCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, os prezos da contratación dos servizos comprendidos neste contrato, considerando a súa natureza e prazo de execución, non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Quinto:** Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar o correspondente anuncio de licitación no BOP, no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, e máis na Plataforma de Contratos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) devolución da garantía definitiva, por importe de 3.296,24 euros, a entidade "Montajes Eléctricos Vizcaíno, S.L. (MOELVI)", depositada mediante aval bancario, para garantir a execución da subministración "Aforro e mellora da eficiencia enerxética mediante a implantación de reductores estabilizadores de tensión, interruptores astronómicos e luminarias anticontaminantes lumínicas nas iluminacions exteriores do Concello de Cambre." Expediente: 13/12-03 SUM**

Vista a proposta de Alcaldía de data 15 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o escrito presentado por dona Monica Casás Cambón, con DNI 32.812.839-G en representación de "Montajes Eléctricos Vizcaíno, S.L. (MOELVI)", con CIF B-15132046 e domicilio na rúa Santiago de Compostela, nº 33 – Carretera de Nostián – 15008 Meicende - A Coruña, rexistrado de entrada ao número 0/8197, con data 7 de outubro de 2014, no que solicita se lle devolva a garantía definitiva constituída mediante aval bancario nº 0354/0985 de data 16 de setembro de 2013, da entidade Banco Popular, depositado na Tesourería municipal o día 16 de setembro de 2013 para garantir a execución da subministración denominada " Aforro e mellora da eficiencia enerxética mediante a implantación de reductores estabilizadores de tensión, interruptores astronómicos e luminarias anticontaminantes lumínicas nas iluminacions exteriores do Concello de Cambre.", expediente: 13/12-03 SUM.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxexión ou reparo, este segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, coa data do 4 de outubro de 2016.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 21 de novembro de 2016.

Vista a proposta da concelleira delegada de Servizos, de data 15 de decembro de 2016.



A teor do establecido no art. 307 do Real decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público (TRLCSP)

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, "Montajes Eléctricos Vizcaino, S.L. (MOELVI)", no expediente número 13/12-03 SUM.

**Segundo:** Notificar o presente acordo ao interesado e máis aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Renovación do firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e Outras, Cambre 2012" comprendida no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013.**

Vista a proposta de Alcaldía de data 16 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

"Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que no expediente 13/15-3 OB de contratación da obra, consta a acta de recepción asinada con data 10 de xuño de 2015, polo representante da empresa adjudicataria, e pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal actuando como directora da obra e responsable do contrato.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
13/15-3 OB	CANARGA S.L.	B15360902	Certificación Liquidación "Renovación do firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e Outras, Cambre 2012"	11.670,04 €	F/2016/4987	19/11/2015

Comprobado o cuadro aritmético da mesma.

Visto que se trata dunha certificación de liquidación de obra e que consta informe á liquidación da obra asinado pola directora da obra e o contratista.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada pola responsable do contrato e o alcalde polo mesmo importe e concepto.

Vista a providencia formulada o 16 de decembro de 2016, polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
13/15-3 OB	CANARGA S.L.	B15360902	Certificación Liquidación "Renovación do firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e Outras, Cambre 2012"	11.670,04 €

**Segundo:** Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

María Luisa de la Red Ampudia